



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: PCO.001.2022.00172

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONTRATA UNHA EDICIÓN DO CURSO
“INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS SEN FOGAR (CD 1400)”**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo de ver a proposta da Sección de Formación e o informe da Intervención de Fondos Provinciais,

RESOLVO:

1.- Aprobar a realización dunha edición do curso “Intervención social con persoas sen fogar (CD. 1400)” que cunha duración de 30 horas e para 25 prazas impartirase durante o 1º semestre do ano 2022, mediante a modalidade mixta presencial + en liña.

2.- Contratar como empresa que impartirá o curso a:

Empresa - CIF	Importe Total Orzamentado Exento de IVE
COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA CIF .- Q1569016G	3.157,50 €

3.- O importe orzamentado aboarase contra factura, por transferencia bancaria, unha vez realizado o servizo e despois do oportuno informe da Sección de Formación e da Intervención de Fondos Provinciais e imputaranse á aplicación orzamentaria 0720/92076/22799. Código de proxecto 2022.3.80010.001. RC 220220004242.

4.- A adxudicataria actuará como encargada do tratamento, para tratar por conta da Deputación da Coruña que é a responsable, os seguintes datos de carácter persoal do alumnado: nome completo, DNI, teléfono, correo electrónico, posto de traballo, unidade e administración na que traballa.

5.- A adxudicataria utilizará os datos coa finalidade de xestionar as altas/baixas nas aplicacións de teleformación, impartir o curso ou rexistrar a participación no mesmo. En ningún caso poderá utilizalos para fins propios.

En todo caso deberá cumprir as cláusulas de protección de datos establecidas na Resolución de Presidencia núm. 35912/2020 do 12/11/2020 que se pode consultar na seguinte ligazón:

https://www.dacoruna.gal/files/8916/0527/1044/RP_35912-2020_-

[CLAUSULAS DE PROTECCION DE PROTECCION DE DATOS 2.pdf](#)